

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 29 DE XULLO DE 2022

SEÑORES ASISTENTES:

ALCALDE:

Don Rubén P. Quintá Quintá

CONCELLEIROS:

Don Pablo Sobrado Vázquez

Don José Manuel Fernández Otero

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a vinte e nove de xullo de dous mil vinte e dous, reunidos en primeira convocatoria os señores concelleiros que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Don Rubén P. Quintá Quintá, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, ao efecto

convocada, e sendo as once horas deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

1.- ACTA ANTERIOR

Dada conta do borrador da acta da sesión ordinaria do día 27 de xullo de 2022, foi aprobado por unanimidade dos Sres. concelleiros presentes.

2.- COMUNICACIÓN PREVIA DE EXECUCIÓN DE OBRA

— Asociación de veciños cultural de Barregallos

Consta nas dependencias municipais a seguinte comunicación previa de execución de obras, presentada con data 1 de xullo de 2022 (RE-E núm. 316), coas seguintes características:

DATOS DA SOLICITANTE

DENOMINACIÓN SOCIAL	ASOCIACIÓN DE VECIÑOS CULTURAL DE BARREGALLOS
CIF	██████████

DOMICILIO SOCIAL	LUGAR DE BARREGALLOS, PARROQUIA DE CARBOENTES
REPRESENTANTE	SONIA RODRÍGUEZ GÓMEZ
DNI	██████████

DATOS DA OBRA

OBXECTO	EXECUCIÓN DE CUBERTA DE FORNO TRADICIONAL
LUGAR	BARREGALLOS
PARROQUIA	CARBOENTES
CLASIFICACIÓN SOLO PXOM	SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN DE AUGAS
REFª CATASTRAL DA PARCELA	36047A115000110000LX
DOCUMENTACIÓN TÉCNICA	SI (Proxecto básico e de execución redactado pola arquitecta Dª Sonia Rodríguez Gómez – visado colexial núm. ██████████, do 30/06/22)
ORZAMENTO DE EXECUCIÓN	3.292,50 €
PRAZO DE EXECUCIÓN	TRES (3) MESES
INFORME URBANÍSTICO	SI (Informe do arquitecto técnico municipal Don Gerardo Abeledo Iglesias, de data 27/07/22)

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e na Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e da competitividade económica de Galicia (LECG), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Declarar a eficacia da comunicación previa presentada cos datos anteriormente consignados, de conformidade co establecido nos artigos 146.1 LSG e 361.1 RLSG.

Segundo.- Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso do solo suxeitos a ela, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello.

Terceiro.- Aprobar a liquidación do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (ICIO) pola cantidade de SESENTA E CINCO EUROS CON OITENTA E CINCO CÉNTIMOS (65,85 €).

Cuarto.- Advírtese expresamente que a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento

que se achega ou incorpora á comunicación previa comporta, logo de audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde o momento que se coñece, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer por tales feitos.

Quinto.- A comunicación previa presentada implica a responsabilidade solidaria de quen promove as obras, de quen ten a propiedade do inmovible, ou os empresarios das obras, dos técnicos redactores do proxecto e directores das obras e da súa execución, respecto da conformidade das obras coa ordenación urbanística de aplicación e a súa adecuación á documentación presentada.

3.- CONCESIÓN DE DÉCIMA PRÓRROGA NO PRAZO DE INICIO DE OBRA AMPARADA EN LICENZA MUNICIPAL

ANTECEDENTES

1º.- Don César Diéguez Doval, na representación da sociedade DIÉGUEZ PAZ S.C., con CIF núm. [REDACTED] e con domicilio social no lugar de Perros, parroquia da Portela, solicita con data 18 de xullo de 2022 (RE núm. 1206) unha décima prórroga do prazo para o inicio das obras de CONSTRUCCIÓN DE NAVE DE PORCINO E FOSA DE XURRO, con emprazamento no lugar de Pescoso, parroquia de Santa Mariña de Pescoso.

2º.- A Xunta de Goberno Local do Concello, na sesión celebrada o día 19 de xullo de 2017, acordou conceder a correspondente licenza municipal para as obras descritas, non fixándose expresamente o prazo de inicio das obras, polo que resulta de aplicación o prazo máximo por defecto, establecido en seis meses, en virtude do disposto no artigo 145.1 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG).

3º.- Segundo o manifestado polo solicitante, as obras non foron iniciadas a esta data.

4º.- Con datas 21 de febreiro de 2018, 8 de agosto de 2018, 13 de febreiro de 2019, 6 de agosto de 2019, 27 de febreiro de 2020, 20 de outubro de 2020, 9 de abril de 2021, 22 de setembro de 2021 e 25 de febreiro de 2022, a Xunta de Goberno Local concedeu á sociedade solicitante nove prórrogas de cadanseus seis meses, que remataron o día 31 de xullo do corrente.

5º.- Consta informe do arquitecto técnico municipal Don Gerardo Abeledo Iglesias, de data 28/07/22, acreditando a conformidade da licenza coa ordenación urbanística vixente.

FUNDAMENTO XURÍDICO

Único.- O artigo 145.2 da LSG textualmente dispón: *“Os concellos poderán conceder prórroga dos referidos prazos da licenza, previa solicitude expresa, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado”*.

Debidamente informados de canto antecede e acreditado o cumprimento dos requisitos legais esixibles, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes, adopta o seguinte:

ACORDO

CONCEDER á sociedade solicitante unha décima prórroga de seis meses para o inicio das obras, que rematará o día 31 de xaneiro de 2023.

4.- APROBACIÓN DE CERTIFICACIÓN NÚM. 1 E FINAL, LIQUIDACIÓN E ACTA DE RECEPCIÓN DA OBRA DE “MELLORA DE CAMIÑO DE ACCESO A VILAMEÁ NA PARROQUIA DO AZ”, INCLUÍDA NO PLAN CONCELLOS 2020

VISTA pola Xunta de Goberno Local a certificación núm. 2 e final e a liquidación correspondente á obra de “Mellora de acceso a Vilameá na parroquia do Az”, incluída no Plan Provincial de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2020, por importe de CORENTA E DOUS MIL SETECENTOS OITENTA E CATRO EUROS CON QUINCE CÉNTIMOS (42.784,15 €), por unanimidade ACORDAN:

Primeiro.- Aprobar a certificación da obra asinada pola enxeñeira de camiños, canais e portos e directora da obra Dona Leticia Diéguez Alonso.

Segundo.- Recoñecer a obriga da Administración fronte ao contratista CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS S.L.U., por un importe de 42.784,15 €, con cargo a correspondente partida do orzamento municipal.

Terceiro.- Aprobar a factura núm. OB2022-246 (FACe), de data 22/04/22, estendida pola sociedade adxudicataria polo importe e concepto da certificación que se aproba.

Cuarto.- Vista a Acta de recepción da devandita obra, asinada o día 29 de xullo de 2022, na que se fai constar que “as obras atópanse executadas, agás vicios ocultos, segundo as prescricións previstas, sendo realizadas baixo o seguimento do facultativo encargado da súa dirección, cos axustes recollidos no informe final de obra”, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes, acorda prestarlle a súa aprobación e, xa que logo, recibir a devandita obra, contando a partir desta data o prazo de garantía da obra fixado nun ano no prego de condicións, de conformidade co disposto no artigo 243 da Lei de Contratos do Sector Público (LCSP).

Quinto.- Aprobar o informe de execución da obra estendido pola dirección facultativa en data 28/07/22.

5.- INICIO DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA DE “HUMANIZACIÓN E MELLORA PEONIL DA RÚA AVIADOR GUMERSINDO AREÁN”, INCLUÍDA NO PROGRAMA REACPON E NO PLAN CONCELLOS 2022

O Sr. alcalde informa aos Sres. concelleiros asistentes que acordo deste órgano, adoptado na sesión celebrada o día 30 de xullo de 2021, foi aprobado o proxecto técnico da obra de “HUMANIZACIÓN E MELLORA PEONIL DA RÚA AVIADOR GUMERSINDO AREÁN”, redactado pola enxeñeira de camiños, canais e portos Dona Ana María García Mayo, con data xullo de 2021, cun importe total de execución por contrata de CATROCENTOS CORENTA E NOVE MIL SESICENTOS SETENTA E UN EUROS CON TRINTA E DOUS CÉNTIMOS (449.671,32 €), IVE incluído.

Con data 19/01/22 asinouse un Convenio entre a Deputación de Pontevedra e o Concello para a execución de dita actuación, no marco do Programa Provincial de infraestruturas e dotacións singulares para a recuperación post-Covid-19. Programa REACPON (Reacciona Pontevedra Provincia), cunha achega provincial por importe de 404.704,18 €. Pola súa banda, a Presidencia da Deputación Provincial, por resolución de data 04/07/22, concedeu asemade unha subvención por importe de 44.967,14 € para a citada obra (expediente núm. ██████████).

Xa que logo, dispoñendo xa do financiamento necesario para a realización da obra, cómpre proceder ao inicio do correspondente expediente de contratación, segundo a normativa establecida na lexislación de contratos das Administracións Públicas.

A motivación del presente contrato vén fundamentada nas competencias propias que ostenta o Concello en materia de *“infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade”*, establecida na letra d) do artigo 25.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de Réxime Local (LRBRL), constituíndo o *“acceso aos núcleos de poboación e pavimentación das vías públicas”* servizos obrigatorios (artigo 26.1 a) do citado texto legal). Asemade, motívase o acordo na necesidade de cumprir o obxecto das subvencións concedidas para tal fin pola con cargo ao Convenio asinado e ao Plan Provincial de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes, de conformidade co establecido no artigo 116 da LCSP, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Iniciar o correspondente expediente de contratación da obra de *“HUMANIZACIÓN E MELLORA PEONIL DA RÚA AVIADOR GUMERSINDO AREÁN”*, de conformidade co proxecto técnico aprobado, para a súa posterior aprobación por este órgano, incorporando ao mesmo os documentos legalmente esixibles.

Segundo.- Determinar o procedemento de adxudicación como aberto simplificado, de conformidade co previsto no artigo 159 da LCSP, establecendo que o prezo sexa o único criterio de adxudicación.

6.- ADXUDICACIÓN DE CONTRATO MENOR DE SUBMINISTRO INCLUÍDO NO FONDO DE COMPENSACIÓN AMBIENTAL 2022

Con data 15 de xullo do corrente a Dirección Xeral de Administración Local da Xunta de Galicia concedeu unha subvención ao Concello, por importe de 11.409,60 €, para o investimento denominado *“Adquisición de sistema de cloración para o Servizo municipal de abastecemento de auga”*, con destino ao depósito municipal de auga da Areosa, ao abeiro do Fondo de Compensación Ambiental 2022.

A motivación do presente contrato vén fundamentada na competencia que o Concello ostenta relativa ao “*abastecemento de auga potable a domicilio (...)*”, segundo o establecido no artigo 25.2 c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de Réxime Local (LRBRL), e da necesidade de cumprir co obxecto da subvención concedida para tal fin pola Dirección Xeral de Administración Local con cargo á subvención referida (Liña en concorrencia non competitiva).

Debidamente informados de canto antecede, e xustificando no expediente que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar as regras xerais de contratación, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes, e de conformidade co establecido no artigo 118 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Adxudicar, como contrato menor, o contrato de subministro consistente en “*Adquisición de sistema de cloración para o Servizo municipal de abastecemento de auga (depósito da Areosa)*”, á sociedade SERVIUM SISTEMAS S.L., con CIF núm. ██████████, e con domicilio social en Lalín, ao prezo de ONCE MIL CATROCENTOS NOVE EUROS CON SESENTA CÉNTIMOS (11.409,60 €), IVE incluído, con estrita suxeición á memoria valorada aprobada no seu día por este órgano.

Segundo.- Aprobar o gasto correspondente con cargo á partida orzamentaria 161/633 do presuposto en vigor.

7.- FACTURAS E PAGOS

Por unanimidade dos membros da Xunta de Goberno Local, apróbanse as seguintes facturas e pagos:

- ALICIA MARÍA FERNÁNDEZ MOREIRAS 268,90 €
Por subministro de diverso material de papelería e oficina, s/factura núm. 7/22.
- V. CALVIÑO ASESORES S.L. 510,32 €
Por traballos de asesoría laboral e de seguridade social, s/factura núm. 814.

- PABLO GARCÍA PAIS 2.131,97 €
Por traballos de reparación de diversa maquinaria municipal, s/factura núm. 2022-0111.
- MIGUEL CONDE VALES 27,77 €
Por subministro de ferro para obras municipais, s/factura núm. 000163.
- FERRODEIRO S.L. 668,57 €
Por subministro de materiais de ferraxería para obras municipais, s/factura núm. 001491.
- ALICIA MARÍA FERNÁNDEZ MOREIRAS 35,00 € E 35,00 €
Por canxe de vales de premiados en concurso cultural, s/facturas núm. 05/22 e 6/22.
- SOCIEDAD COOPERATIVA MADRILEÑA DE FREELANCES 450,00 €
Por actividade teatral para a infancia, s/factura núm. 22/1324.
- CONSTRUCCIONES TOPETE S.C. 1.137,40 €
Por traballos realizados no pavillón polideportivo municipal, s/factura núm. 11.

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente dá por rematada a sesión, sendo as once horas quince minutos, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,
(*sinatura dixital*)

O alcalde,
(*sinatura dixital*)